# Utilización do servizo PHP/MySQL

Unidade de Sistemas
Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacións
http://www.usc.es/atic

# Táboa de contidos


1. Acceso ao servizo....3
2. Transferencia das páxinas....4
3. Utilización da base de datos....5
    3.1. Administración....5
    3.2. Uso dende PHP....5
4. Espazo en disco e copias de seguridade....6
5. Correo electrónico....7

Pavillón de Servizos
Campus Universitario Sur
15782 Santiago de Compostela
Tel. (981) 563100 ext. 55555

# 1. Acceso ao servizo

Para poder acceder á utilización do servizo PHP/MySQL é necesario enviar un formulario debidamente cumprimentado ao Secretario Xeral da USC. Dito formulario pode atoparse en

http://www.usc.es/gl/servizos/atic/web

Unha vez aceptada a petición o responsable da web recibirá un correo electrónico no cal se indicarán as claves de usuario e se achegarán as instrucións de uso.

As incidencia neste servizo poden ser dirixidas empregando calquera destes canles:

- Centro de atención a Usuarios (CAU)
    - http://www.usc.es/cau
    - Teléfono 55555
- Directamente ao servizo de hospedaxe web da área TIC no enderezo webadmin@usc.es

Pavillón de Servizos
Campus Universitario Sur
15782 Santiago de Compostela
Tel. (981) 563100 ext. 55555

# 2. Transferencia das páxinas

Para empezar a subir páxinas é necesario utilizar un programa cliente de SSH (*Secure Shell*).
As distribucións GNU/Linux incorporan de serie utilidades para transferir arquivos mediante protocolo SSH.
No caso do sistema operativo Windows, recoméndase utilizar o programa **SSH Secure Shell**. Pode atopar instrucións de uso deste programa no enderezo

http://www.usc.es/estaticos/atic/manuais/web/ssh.pdf.

A utilización é idéntica á sinalada en dito manual, con dúas excepcións:

1. O servidor que temos que indicar no programa é www5.usc.es. O acceso a www5 tanto a nivel de transferencia de arquivos como de navegación é **UNICAMENTE** para xestión do administrador da conta. O servidor www5 non é visible dende outro equipo que non sexa o autorizado para administrar a conta de usuario que será exclusivamente un equipo dentro do dominio usc.es. As páxinas en internet serán visibles dende http://www.usc.es/conta.
2. O acceso mediante liña de comandos está restrinxido, polo que é normal que non funcione. Só se utilizará a transferencia de arquivos.

Con isto xa é posible crear, modificar e eliminar arquivos no servidor. É importante resaltar que os arquivos que publicados serán os que se suban ó directorio **public_html**.

Pavillón de Servizos
Campus Universitario Sur
15782 Santiago de Compostela
Tel. (981) 563100 ext. 55555

# 3. Utilización da base de datos

## 3.1. Administración

Para poder xestionar a base de datos MySQL ofrecemos o programa PHPMyAdmin, que permite a administración a través dun navegador web. Atopase no seguinte enderezo:

https://www5.usc.es/phpmyadmin/.

Unha vez nesta páxina solicítasenos un nome de usuario e unha contrasinal, que son as mesmas que as da conta de usuario de sistema. Unha vez dentro do programa podemos crear táboas, insertar, modificar ou eliminar rexistros, etc. Pode atopar instrucións sobre a súa utilización no sitio web do programa:

http://www.phpmyadmin.net

Aparte da base de datos propia da súa conta, verá tamén dúas bases de datos adicionais, unha chamada "**test**" e a outra "**Information-schema**".

- A base de datos "test" sirve para facer probas, polo que tódolos usuarios poden ler e escribir nela
- A base de datos "Information-schema" proporciona información acerca dos seus datos. Cada usuario MySQL ten dereito a acceder a estas tablas, pero únicamente os rexistros que se corresponden os obxetos os que ten permiso de acceso.

## 3.2. Uso dende PHP

Para a conexión á base de datos MySQL dende PHP farase do xeito normal, empregando estes datos para a conexión:

- Servidor: localhost
- Usuario e chaves de paso: os utilizados para subir as páxinas.

Pavillón de Servizos
Campus Universitario Sur
15782 Santiago de Compostela
Tel. (981) 563100 ext. 55555

# 4. Espazo en disco e copias de seguridade

A cuota inicial de disco é de 20 Mb, que pode ser aumentada a petición do responsable do sitio enviando unha mensaxe a webadmin@usc.es. Este espazo **non** é compartido coa base de datos MySQL.

Fanse copias de seguridade diarias, semanais e mensuais. Os períodos de retención son os seguintes:

- Copias diarias: 7 días.
- Copias semanais: 4 semanas
- Copias mensuais: 12 meses.

Naqueles espazos que soliciten un incremento considerable por riba do espazo inicial, a frecuencia das copias de seguridade pode ser limitada pola área TIC para preservar os recursos dispoñibles.

Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacións

Pavillón de Servizos
Campus Universitario Sur
15782 Santiago de Compostela
Tel. (981) 563100 ext. 55555

# 5. Correo electrónico

Pódense enviar correos electrónicos dende as aplicacións PHP coas seguintes condicións:

- Non se debe utilizar de xeito masivo, é dicir, para enviar unha mensaxe a un elevado número de destinatarios nun curto espazo de tempo. Calquera envío de este tipo debe ser consultado previamente coa administración do servizo de correo electrónico a través do enderezo postmaster@usc.es
- O remite das mensaxes debe ser especificada explicitamente pola aplicación PHP. O devandito remite debe pertencer a algún dos dominios de correo da USC (preferentemente o dominio @usc.es)
- O envío masivo de correo electrónico dende una páxina aloxada en www5 que non sexa acordado previamente coa administración deo servizo de correo electrónico, ou que provocase problemas no funcionamento do servizo, será borrado automaticamente da cola de mensaxes.
- O correo debe ser enviado sempre co consentemento dos destinatarios.
- No caso de envíos a provedores de correo externos á USC, o responsable do sitio debe facer todos os esforzos necesarios para asegurarse de que o correo enviado non vai ser considerado como SPAM polos destinatarios.